

Hélia Correia, nomeada Escritora Galega Universal 2017 pola AELG

A asociación escolle a Pilar García Negro como Escritora na súa
Terra- Letra E

E.P. | 12.02.2017

A+

Santiago. A autora portuguesa Hélia Correia foi nomeada Escritora Galega Universal 2017, galardón que cada ano outorga a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), entidade que celebrou onte en Santiago a súa asemblea xeral. Correia, nacida en Lisboa en 1949 e que gañou en 2015 o Premio Cames, recollerá o galardón na II Gala do Libro Galego, que terá lugar en Compostela o 20 de maio. Deste xeito, a lisboeta sucede ao autor catalán Pere Gimferrer, nomeado Escritor Galego Universal o pasado ano.

O presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, destacou que a elección de Hélia Correia tomouse en base á “calidade literaria” da súa obra, na que Galicia “está moi presente”. “Correia sente Galicia como unha prolongación da súa patria”, resaltou Sánchez. Ademais, na asemblea deste sábado, a AELG tamén decidiu que a próxima Escritora na súa Terra-Letra E sexa a autora e política Pilar García Negro, quen recibirá unha homenaxe en xuño na capital lucense.

Como cada ano, a AELG celebrará o próximo 24 de febreiro o Día de Rosalía, unha efeméride que “cada ano” conta con máis “adhesións” por parte de concellos e deputacións, que alcanzan xa as 51 institucións que se suman ao día de homenaxe á escritora galega máis universal.

Días antes, o 19 de febreiro, terá lugar no Panteón de Galegos Ilustres do Mosteiro de San Domingos de Bonaval o “acto central” promovido pola AELG con motivo do Día de Rosalía.

Ademais de “honrar” a memoria da escritora, a asociación reivindicará un Panteón de Galegos Ilustres “laico, de acceso público, de propiedade pública” e de “libre acceso”, sen ter que “pedir permiso aos estamentos eclesiásticos”.

Na asemblea, esta asociación tamén escolleu novo consello directivo e aprobou o calendario de actividades para este ano.

En Lugo, a finais de maio, terá lugar a gala dos Mestres da Memoria, para as Pandereteiras da Alén e en Serafín Mourelle.